

Este é o primeiro acto oficial da ASCIGA, unha Asociación sen ánimo de lucro tan humilde como grandes son os nosos obxectivos. Grandes e sinxelos, o único que pretendemos e cambiar o mundo e facer del un lugar onde ir en bicicleta non sexa delictivo, perigoso nin temerario. E coa vosa axuda, vendo este paseo ateigado, non nos colle dúbida de que podemos acadalo.

Dende o inicio dos traballos para poder estarmos hoxe aquí houbo dous nomes que todos os membros da ASCIGA, e todos aqueles que nos estiveron apoiando, non nos demos quitado da cabeza: Iván e Diego. Eles abandeiraron e guiaron cada paso que demos e que seguimos a dar, pero antes de entrar en materia o primeiro desexo da ASCIGA é pedirllles perdón. PERDÓN POR NON TERMOS CHEGADO A TEMPO. Nada do que fagamos de aquí en diante mitigará a dor e o sufrimento deles e dos seus achegados. Perdón rapaces!

Imos comezar por Iván. Un rapaz do CC Riazor que deixou soños e aspiracións ciscados xunto co bidón da súa bici nunha cuneta de Cambre. Por un motivo tan absurdo que fire a sensibilidade: Iván non volverá montar na súa bici porque un camioneiro non quixo “malgastar” 30 segundos da súa vida en adiantalo con seguridade.

Iván sofre agora un calvario, pero situacións similares sufrimos todos e cada un de nós todos os días e só algunha forza divina, algún anxo que coida dos ciclistas nas estradas, impide que moitos máis esteamos hoxe na situación de Iván.

Vos imos propoñer unha solución real, que disuada efectivamente ós condutores violentos e que vai precisar da colaboración de todos vós. Unha idea que, coa colaboración do persoal técnico da Federación Galega de Ciclismo demos en presentar á Coordinadora Rexional da DXT nunha xuntanza na que os membros desta Asociación fomos tratados de xeito exquisito, hai que dicilo.

O resultado desta xuntanza ó detalle terédelo esta noite no noso blog, en Facebook e nolo podedes solicitar de calquera xeito para que volo fagamos chegar. O que vos imos contar aquí, en resumo, é que a DXT vai tramitar todas e cada unha das denuncias voluntarias que poñades contra eses comportamentos que xogan coas nosas vidas a diario nas estradas. E o van facer, tal e como nolo confirman por escrito, porque están obrigados legalmente.

Traducido ó galego: cada vez que sufrades un adiantamento perigoso, un volantazo, un bocinazo na orella con insulto de propina... e denunciades á DXT, o infractor recibirá unha notificación cos dous únicos termos que semellan comprender os condutores neste país: 200€ e 4 puntos.

Queda, logo, dende agora a seguridade dos ciclistas nas nosas estradas nas vosas mans. Non vexamos nesta iniciativa ánimo de vinganza nin unha fonte de conflitos. A denuncia voluntaria leva anos no noso ordenamento e non se lle está a dar o uso que o lexislador pretendía, nada máis. Non é obxecto desta campaña que aumente o número de condutores denunciados nin o número de multas, só pretendemos que cale entre os nosos condutores (moitos de nós o somos) ese mítico “e que agora multan” capaz de facer cambiar as nosas condutas ó volante.

Non dubidedes en consultar o noso blog nestes días: [asfaltoearrós@blogspot.com](mailto:asfaltoearrós@blogspot.com). (*asfalto e arrós*).

Deixamos agora o asfalto e o facemos en compañía de Diego. Un “delincuente perigoso” que cometeu un grave delito: AMAR A SÚA BICI E OS NOSOS MONTES. Uns montes que a día de hoxe se presentan cheos de trampas agochadas como se dun escenario bélico se tratase. Algo que unha sociedade pacífica e civilizada non pode consentir.

Non imos facer aquí un estudo pormenorizado de todos os factores e intereses que rodean os nosos montes. A madeira, a caza, a propiedade privada ou comunal... calquera deles, ou todos xuntos, colocados na mesma balanza que o respecto pola vida humana resulta unha comparación tan obscena que da noxo. Así de claro o dicimos hoxe aquí públicamente e así de claro llo imos deixar a todos os axentes implicados nesta barbarie na mesa redonda na que nos imos sentar con eles o vindeiro 29 de novembro en Vigo. Xuntanza froito do traballo da Asociación Galega de BTT a quen lles agradecemos que nos teña convidado a formar parte deste grupo de traballo.

Trataremos de que Federación de Caza, comunidades de montes, etc, nos conten os problemas que causan no monte, bicicletas, motos, sendeiristas, atletas e xente que pasea o seu can ós domingos, tendo como punto de partida o noxo que nos dá a violencia. Punto de partida que non ten xa volta atrás posto que nada do que fagamos lle devolverá a Diego, á súa noiva, ós seus familiares e ós seus amigos a vida que levaban antes de que ese “animal vertebrado” e os seus “sicarios” colocasen aquela pedra no seu camiño.

Comezabamos dicindo que somos unha Asociación humilde, pero acudiremos a esa xuntanza coa forza e a lexitimidade que nos dá ver hoxe este Paseo ateigado. Berraremos alí coas vosas forzas NON MÁIS BÁGOAS!